

Hai un escritor

[Antón Baamonde](#) Decembro de 2025

<https://temposdixital.gal/cultura/hai-un-escritor.html>

Hai un escritor, poeta e intelectual, de obra máis vasta, máis versátil e plural, máis levada pola curiosidade e o sentido do gusto, na Galicia das últimas décadas, que Xavier Seoane? Xavier é poeta, si. E sobre todo. Un poeta situado na conxunción entre o aceno clásico e a dicción romántica pero que da constante evidencia da súa estupefacción ante a beleza dos paxaros, do xasmín, do cántico, da alba, como todo neno que aínda non perdeu o sentido da marabilla. Tamén escribiu novelas como *"Ábrelle a porta ao mar"* e *"A dama da noite"*, unha aproximación á biografía de Rosalía de Castro. Ou un libro tan irreverente como o *"Diccionario irreal para un país imposible"*.

Pero en obras como *A lingua de Eva e Adán*, *O sol de Homero*, *Atravesar o espello*, ou *Todos somos Ulises* explorou o sentido da poesía, celebrou o libro, reivindicou a lectura e os clásicos, defendeu as humanidades. En calorosa polémica co devalar do mundo. Xavier Seoane pensa que mediante o cultivo dos clásicos, a educación estética e a práctica das artes, a humanidade pode avanzar cara á Liberdade, a Razón e o Ben. É o programa de Schiller.

E a arte. Para Xavier Seoane a arte foi sempre un elemento de fascinación. Manuel Facal, Leopoldo Nóvoa, Antón Patiño, Paco Pestana son só algúns dos nomes dos seus amigos. Nos anos oitenta e noventa a eferescencia coruñesa neste ámbito foi absoluta e en todo catálogo ou exposición había un texto de Xavier. A atención que lle dedicou á obra e a edición dos textos de Luís Seoane, -ás veces en colaboración con Lino Braxe- dan fe desa constante atención.

"Reto ou redención" foi a resposta de Xavier Seoane aos intentos de confundir a arte galega cun estilo ou iconografía determinados. Unha cousa é que a tradición decante uns determinados modos de expresión e outra, moi distinta, reducir a arte galega a un estereotipo. Isaac Díaz Pardo podía debuxar nun xeito entre románico e o propio dun clasicismo italianizante ou Luís Seoane -o máis grande- ter un sentido do debuxo e da cor dentro do espírito e a técnica da vangarda. Reimundo Patiño podía situarse entre o barroco e o pop alí onde o grafismo cheo de luz de Menchu Lamas enche o espazo ata o borde. En polémica implícita con Xosé Antón Castro *"Reto ou rendición"* facía bandeira da multiplicidade. *"Identidade e convulsión"* non se quedaba atrás.

Pero hai outro Xavier, máis aló da liña clara. É o Xavier que reflexiona sobre os Haikus e o aforismo, en libros como *"A póla branca"* *"Iris/paxaros"* *"A rocha imantada"*. Os Haikus -é o sentido da expresión xaponesa *mono no aware*- son un modo da delicadeza e a empatía cara as cousas. Un modo de xentileza ante a beleza do mundo. Quen coñeza a Xavier sabe que ese modo de ser non é unha impostura.

Xavier Seoane tenlle dedicado moita atención ao aforismo. Non só a escribilos, senón a reflexionar sobre eles. O aforismo é un xénero híbrido e difuso, poroso e polisémico. Iso é o que o fai interesante. Como se sabe, boa parte dos textos dos pre-socráticos só se conservan en forma de fragmentos: son aforismos involuntarios por así dicir. Iso fainos misteriosos e interpretables. Dous de Heráclito o escuro, foron sempre fascinantes para min: “O tempo é un neno que xoga” e o tan asertivo “o carácter é o destino”. Tamén a literatura sapiencial bíblica ten moito de aforística. Así “Máis vale escoitar reproche de sabio, que louvanza de necio”.

Os moralistas franceses son unha escola de vida. La Rochefoucauld, Pascal, La Bruyère, Vauvenargues ou Chamfort son autores que é un fracaso non ler. Chamfort foi un entusiasta da Revolución francesa que despois, en vista do entusiasmo polas execucións, cambiou de parecer e foi perseguido. Quixo cortarse as veas. Non soubo. Despois intentou dispararse un tiro nas tempas. Errou. Declarou “Que queredes? Son un estúpido. Non sei nin suicidarme”.

A sátira de Karl Kraus ponnos na pista dunha terceira modalidade de aforismo que da escuridade metafísica e da aprendizaxe da verdade sobre os usos e costumes pasa á crítica dun mundo -o da Viena de hai cen anos- que ameazaba con abrir paso aos últimos días da humanidade. Era a atmosfera dun mundo xermánico que, con Hitler, case o consegue. A mesma, na que Wittgenstein, oscilando entre o místico e o positivista, declaraba “Do que non se pode falar, mellor é calar”. Parece que agora a humanidade volve ás andadas.

En “O lapis do mono”, libro de coidada edición da editorial Medualia, pódense atopar aforismos que se sitúan nalgunha destas xenealoxías, pero, sobre todo, o que atopamos é a broma e a felicidade da linguaxe. A diversión, si. “”Eu ben me entendo”, dixo o tolo “eu ben me entendo””. Ou o apotegma zen: “Hoxe estou expansivo. Falareille a aquel caracol. Ou a aquela mincha”. Ou a crítica política: “Ás bandeiras, o vento ponas bébedas”. Ou a sátira: “Só se debería deixar levar sombreiro a aquelas persoas que amosasen ter unha verdadeira cabeza”. Pero non fagamos spoiler. Deixemos que o lector descubra a feliz invención. “Hoxe veu verme un verme á luz de Vermeer”.

O interese de Xavier Seoane polo aforismo compréndese: boa parte da súa obra intenta situarse na conxunción entre pensamento e poesía. Os aforismos están montados sobre dous supostos. O primeiro, a incompletude do mundo. A idea de que existe sempre unha falla ou intersticio. O segundo fundamento, o milagre do mundo. O milagroso dicía Chesterton “Non consiste en que suceda algo extraordinario. O feito de que algo suceda é o milagroso”. Pero hai que saber ver, poñer atención, espreitar, o milagre concreto e determinado do mundo. Deus, xa se sabe, non ten ideas xerais.

Poderíamos postular que o aforismo é a forma apropiada de expresión para unha época que desconfía, ou absolutamente difire, dos grandes sistemas de pensamento, que pretenden explicalo todo recorrendo a xeneralidades. Certamente, o que os aforismos de Xavier Seoane buscan é facer un trazo no lenzo, un grafismo na forma inconclusa do universo.